

ESTATUTOS
DO CLUSTER
TIC DE
GALICIA

Xaneiro 2008

TÍTULO I: DENOMINACIÓN, MISIÓN, DOMICILIO, DURACIÓN, FINES E OBXECTIVOS, E PRINCIPIOS

Artigo 1: Denominación

Coa denominación de CLUSTER TIC DE GALICIA constitúese o Clúster que se acolle ao disposto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade para obrar, excluíndose expresamente dos seus fins o ánimo de lucro.

O funcionamento do Clúster rexeráse polo disposto nestes estatutos, o Regulamento de réxime interno e o resto dos acordos validamente adoptados pola súa Asemblea Xeral e órganos directivos, dentro das súas respectivas competencias.

No non previsto, guiarase polo establecido na Lei de referencia e nas disposicións regulamentarias que se ditén para a súa aplicación.

Artigo 2: Misión

O Clúster TIC de Galicia crease para actuar como un organismo asociativo no que participan as empresas, os profesionais, a administración e outros axentes relacionados coas TIC co obxectivo de desenvolver estratexias para facilitar o asentamento das empresas TIC en Galicia e o acercamento á sociedade das tecnoloxías da información e a comunicación, a innovación baseada na xestión do coñecemento, a implantación de servizos avanzados que aproveiten a converxencia, como elementos de gran importancia para competir no contexto dun mercado global.

Artigo 3: Domicilio social e ámbito de actuación

O Clúster establece o seu domicilio social no Centro de Negocios La Rosa 22, rúa Rosa, 22 – 3º Izda., 15701 Santiago de Compostela.

Por proposta do Comité Estratéxico, tras o acordo da Asemblea Xeral, poderase cambiar o domicilio social, comunicándolle os cambios que se produzan ao rexistro correspondente.

O ámbito territorial no que vai desenvolver principalmente as súas actividades comprende a Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de poder estender a súa actividade a outros ámbitos, tanto do resto do Estado español como internacionais.

Artigo 4: Duración

O Clúster constitúese por tempo indefinido e só se disolverá por acordo da Asemblea Xeral e por calquera das causas previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo.

Artigo 5: Obxectivos e fins

Constitúe o obxecto do Clúster a relación e cooperación entre as entidades asociadas ao Clúster TIC de Galicia, para acadar un maior nivel de competitividade e na defensa xeral dos seus intereses e os intereses do sector das TIC, con especial incidencia nos seguintes aspectos e obxectivos:

- Desenvolver as accións que máis potencien as capacidades de produción e comercialización das empresas asociadas ao Clúster.
- Xerar mercados de alianzas entre as empresas co dobre obxectivo de elevar o nivel competitivo dos produtos e servizos galegos nos mercados estatais e internacionais e de ofrecer a participación nos mesmos a todas as empresas TIC membros do Clúster.
- Establecer convenios de financiamento para os produtos e servizos desenvolvidos no seno do Clúster.
- Favorecer o desenvolvemento tecnolóxico das empresas membros do Clúster.
- Facilitar un maior grao de difusión, promoción e posicionamento dos produtos e servizos galegos nos mercados.
- Optimizar a dotación e uso das infraestruturas, instalacións, equipos e servizos precisos para o desenvolvemento e competitividade do Clúster.
- Potenciar o mercado de traballo estimulando a cualificación dos recursos humanos e profesionais das empresas membros.
- Contribuír ao interese xeral, coa promoción da sociedade da información e dos produtos e servizos tics galegos.
- Representar ao sector TIC galego ante Institucións, Administracións e Medios de Comunicación.
- Promocionar o asociacionismo empresarial TIC

Para o logro dos seus obxectivos, o Clúster actuará ante as administracións públicas, corporacións de toda orde, entidades privadas e empresas e particulares, no ámbito que en cada momento sexa preciso.

Artigo 6: Principios

O Clúster velará polo cumprimento dos seguintes principios:

A ÉTICA PROFESIONAL.- A ética profesional para superar o contorno do legalmente establecido e xerar un marco de comportamento e condutas profesionais do máis alto nivel.

A PROMOCIÓN PERSOAL.- A promoción das persoas vista no sentido de ter sempre presente que as accións nos ámbitos profesionais e sociais teñen como fin último a satisfacción e o desenvolvemento da cidadanía implicada.

O COMPROMISO SOCIAL.- O Clúster está comprometido co desenvolvemento social xeral a través da promoción da xeración de emprego, de valor engadido e de novas actividades, industrias, produtos e servizos.

COMPROMISO CO MEDIO NATURAL E DESENVOLVEMENTO SOSTIDO.- O compromiso co medio natural e o desenvolvemento sostido como medios de transmisión da nosa herdanza natural ás próximas xeracións.

COMPROMISO NO ÁMBITO DA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL.- O Clúster vixiará e impulsará entre as entidades asociadas, e no ámbito xeral das empresas TIC, a implantación de boas prácticas en igualdade de xénero, conciliación coa vida familiar, corresponsabilidade e relacións laborais nas que o diálogo e o consenso sexa o método habitual de relación e de resolución de conflitos.

XERACIÓN DE SATISFACCIÓN A TRAVÉS DO TRABALLO.- O Clúster impulsará o acceso ás máis altas cotas de satisfacción persoal e profesional a través do exercicio permanente das mellores capacidades profesionais que xeren razoables marxes de negocio e que permitan a consolidación e crecemento ordenado da actividade, como contraposición ao exercicio de accións especuladoras.

TÍTULO II: DOS ASOCIADOS

Artigo 7: Definición de empresas TIC

A efectos do estipulado nestes estatutos, considerase empresa TIC

Empresas dedicadas á creación de produtos ou prestación de servizos de software, hardware, internet, telecomunicacións, infografía, mensaxería electrónica, multimedia, redes de mantemento, consultoría, formación, creación e distribución de contidos, e demais actividades presentes e futuras relacionadas directa ou indirectamente cas tecnoloxías da información e as comunicacións.

Artigo 8: Requisitos de integración

1º.- Poderán pertencer ao Clúster, todas aquelas persoas físicas ou xurídicas e as agrupacións empresariais ou profesionais, con capacidade para obrar que teñan interese no desenvolvemento dos seus fins e que ademais:

- a) Teñan o seu domicilio, social ou fiscal, ou instalacións produtivas cun mínimo de tres persoas contratadas a tempo completo por ano, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Desenvolvan unha actividade económica directamente relacionada coa cadea de valor das Tecnoloxías da Información e comunicacións, no territorio galego que xere valor engadido na comunidade autónoma.
- c) Acrediten a súa habilitación legal para exercer actividades empresariais e/ou profesionais conforme á definición de empresas TIC que se indica nestes estatutos
- d) No caso de empresas, se atopen ao corrente dos pagos derivados das súas obrigas coa Facenda Pública e a Seguridade Social, e realicen o depósito das súas contas no Rexistro Mercantil, ou, de ser o caso, dispoñan da documentación legal que acredite o exercicio da súa actividade e o volume de facturación conforme a dereito.

2º.- Se o asociado é unha persoa xurídica, deberá designar unha persoa física que o represente, pertencente a dirección da mesma, facilitándolle ao interesado a oportuna certificación acreditativa de ostentar a representación da empresa nas actividades do Clúster, a non ser que se trate de persoa física que exerza a representación legal da empresa asociada con poderes suficientes para os efectos.

3º.- Para solicitar a condición asociado bastará con dirixirle a solicitude por escrito ao presidente do Clúster acompañada dos documentos que para o caso se determinen no Regulamento de réxime interno. Este propoñerá o candidato para a próxima reunión do

Comité Estratéxico que se celebre, e este resolverá sobre a admisión ou inadmisión por escrito. As novas incorporacións terán carácter provisional ata a realización da seguinte Asemblea Xeral na que, por proposta do Comité Estratéxico, sexan ratificadas.

4º.- A condición de asociado é intransferible, indelegable e intransmisible.

Artigo 9: Formas de integración

Dentro do Clúster existirán as seguintes formas de integración:

- a) Socios fundadores: Serán aqueles que teñan a súa razón social en Galicia e que participen no proceso de constitución do Clúster.
- b) Socios de número: Serán aqueles que ingresen con posterioridade á constitución do Clúster.

Artigo 10: Dereitos e deberes dos asociados

Os asociados, fundadores e de número, terán os seguintes **dereitos**:

- a) Participar nas asembleas xerais con voz e voto.
- b) Ser electoras e elixibles para os cargos directivos.
- c) Participar activamente en cantas actividades organice o Clúster en cumprimento dos seus fins e traballar para o logro dos ditos fins.
- d) Disfrutar de todas as vantaxes e beneficios do Clúster, segundo as normas e disposicións regulamentarias, ou cantas outras lles sexan concedidas por entidades públicas ou privadas.
- e) Solicitar e recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos de goberno do Clúster e as súas actividades, así como sobre a situación económica e a aplicación dos fondos do Clúster.
- f) Realizar calquera proposta, petición, suxestión e comentario para o mellor cumprimento dos fins do Clúster.
- g) Ser escoitada con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles e a ser informados dos feitos que dean lugar a esas medidas, debendo ser motivado o acordo que se é o caso, impoña a sanción.
- h) Solicitar a impugnación dos acordos dos órganos do Clúster que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

- i) Examinar os libros de actas e rexistros contables do Clúster.

Os asociados, fundadores e de número, terán as seguintes **obrigas**:

- a) Cumprir estes estatutos e os acordos válidos da Asemblea Xeral e do Comité Estratéxico.
- b) Satisfacer as cotas e derramas que se establezan.
- c) Asistir ás asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, de ser o caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.
- e) Contribuír co seu comportamento ao bo nome e prestixio do Clúster evitando prácticas e comportamentos que danen a esta.
- f) Axustar a súa actuación profesional aos principios de ética profesional, mantendo a actuación e colaboración necesaria coas demais entidades asociadas para a consecución dos fins do Clúster.
- g) Gardar a adecuada confidencialidade dos acordos e deliberacións nos que participe as entidades asociadas.
- h) Non entorpecer directa nin indirectamente as actividades do Clúster, dos seus órganos de goberno ou de calqueradas entidades asociadas.
- i) Absterse de calquera xestión illada en nome do Clúster, sen expresa autorización do Comité Estratéxico.
- l) Facilitarlle ao Clúster as informacións necesarias para o cumprimento dos seus fins, cando así lle sexa solicitado e non teñan carácter reservado.
- m) Impulsar activamente e perpetuar o cumprimento dos fins do Clúster, así como a propia asociación.

Artigo 11: Réxime disciplinario

Nos supostos nos que o asociado incumprise as súas obrigas para co Clúster ou que a súa conduta menoscabe os fins ou prestixio desta, será obxecto do correspondente expediente disciplinario, do que se lle dará audiencia, incoado polo Comité Estratéxico. As decisións que ao Comité Estratéxico adoptase expoñeránselle á Asemblea Xeral, que resolverá.

A cualificación de faltas, procedemento e aplicación de sancións para o caso de incumprimento, establecerase no Regulamento de réxime interno do Clúster.

Artigo 12: *Perda da condición de asociado*

Os asociados causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito ao Comité Estratéxico, que deberá ser comunicada á Asemblea Xeral na seguinte xuntanza.
- b) Por falta de pago das cotas establecidas, tanto ordinarias como extraordinarias, ou dos servizos prestados, previa notificación de apercibimento en forma e prazo, tal e como se estipule no regulamento de orde interna.
- c) Por deixar de reunir os requisitos establecidos para cada caso de asociado.
- d) Por prexudicar gravemente cos seus actos os intereses do Clúster ou de algún dos seus membros, o incumprimento grave das obrigas establecidas nos estatutos ou dos acordos adoptados polos órganos de Goberno, despois da instrución do correspondente expediente disciplinario conforme ao disposto no artigo anterior, e tras a súa resolución polo Comité Estratéxico e coa ratificación, na seguinte xuntanza, da Asemblea Xeral.

Artigo 13: *Recuperación da condición de asociado*

A condición de asociado só poderá recuperarse cando a xuízo do Comité Estratéxico desaparecese a causa que motivou o acordo de expulsión, transcorrese polo menos o prazo dun ano desde a data na que causou baixa, e se é o caso, se fixesen as reparacións dos prexuízos que se puideran ocasionar. En todo caso darase conta á Asemblea Xeral.

TÍTULO III: ÓRGANOS DO CLUSTER, COMPOSICIÓN, INTEGRACIÓN E FUNCIONAMENTO

Capítulo I: Órganos do Clúster

Artigo 14: *Órganos do Clúster*

Os órganos de goberno, xestión e representación son

- Asemblea Xeral
- Comité estratéxico

- Presidencia
- Comité de Dirección
- Xerencia

Capítulo II: Asemblea Xeral: Composición, integración, funcións e funcionamento

Artigo 15: A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do Clúster e estará composta por todas as entidades asociadas. Correspóndelle a adopción dos acordos de maior transcendencia da vida asociativa.

Os acordos da Asemblea Xeral validamente adoptados obrigarán a todos os membros do Clúster.

Artigo 16: Composición

A Asemblea Xeral está composta por

- Empresas TIC
- Colexios / Asociacións profesionais TIC
- Asociacións empresariais TIC

Artigo 17: Criterios de integración

A) Das empresas

a.1) Poderán integrarse no Clúster as Empresas TIC baixo calquera forma xurídica legalmente recoñecida que contén en nómina cunha *plantilla mínima de tres traballadores fixos a xornada completa e que cumpra cos requisitos de integración estipulados no artigo 8 dos presentes estatutos.*

a.2) A integración poderá ser:

- *Directa, se ten a súa razón social en Galicia*

- *Por invitación do Comité Estratéxico, e coa ratificación da Asemblea Xeral, se ten razón social fora de Galicia e cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 8 e 17.a.1 dos presentes estatutos.*

B) Das asociacións

b.1) Poderán integrarse no Clúster as Asociacións de empresas TIC que:

b.1.1) Contén con un mínimo de 30 socios.

b.1.2) Que os ingresos por cuotas sexan a lo menos de 12.500 €/ano e que permitan financiar unha estrutura profesionalizada.

b.1.3) Que a facturación agrupada das empresas sexa maior de 6 millóns de euros.

b.2) A integración poderá ser:

- *Directa, se ten a súa razón social en Galicia*
- *Por invitación do Comité Estratéxico e ratificada pola Asemblea Xeral, se ten razón social fora de Galicia e ten, entre os seus asociados, un mínimo dun 30% de empresas que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 8 e 17.a.1 dos presentes estatutos.*

C) Dos colexios/asociacións profesionais

- Poderán integrarse no Clúster os colexios e asociacións profesionais de ámbito territorial autonómico ou con demarcación territorial en Galicia que agrupe, ben aos enxeñeiros e enxeñeiros técnicos de telecomunicacións ou ben e aos enxeñeiros e enxeñeiros técnicos en informática.

D) Outras integracións

- Con carácter excepcional e por invitación do Comité Estratéxico coa ratificación da Asemblea Xeral, poderase eximir a algunha entidade de algún dos requisitos de integración relacionados no artigo 8

- Dita entidade non será membro de pleno dereito ata que non este ratificado pola Asemblea Xeral

Artigo 18: Reunións da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario ou extraordinario.

- a) A Asemblea Xeral ordinaria celebrarase polo menos unha vez ao ano, dentro dos seis meses seguintes ao peche do exercicio, para aprobar o plan operativo anual do Clúster, coñecer e avaliar a xestión do Comité Estratéxico e do Comité de Dirección, e aprobar, se procede, o balance económico e os orzamentos anuais.
- b) A Asemblea Xeral extraordinaria reunirse cando o acorde o Comité Estratéxico ou o soliciten por escrito un número non inferior ao trinta por cento das entidades asociadas. Neste último caso, a solicitude deberá ir dirixida á presidencia do Clúster indicando os motivos que xustifican a convocatoria, incluíndo a proposta sobre os puntos que deben incluírse na orde do día, así como a acreditación da representatividade do trinta por cento indicada anteriormente.

Artigo 19: Convocatorias

A convocatoria para as asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, realizarase por comunicación do presidente do Clúster indicándose o lugar, data e hora da reunión así como a orde do día que se vai tratar.

Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea haberán de mediar polo menos quince días naturais.

A orde do día será a establecida polo Comité Estratéxico por proposta do presidente. O Comité Estratéxico estudará a posibilidade de incluír na orde do día as suxestións ou propostas das entidades asociadas, sempre e cando sexan remitidas ao Comité Estratéxico con sete días de antelación á data da convocatoria da Asemblea Xeral.

Nos casos de convocatoria por instancia do trinta por cento dos dereitos a voto, haberá de incluírse necesariamente os puntos propostos na solicitude da convocatoria.

Artigo 20: Constitución da Asemblea

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorra a elas un terzo das entidades asociadas con dereito a voto e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número con dereito a voto.

O presidente dirixirá os debates da orde do día e coidará da boa marcha da reunión

Calquera entidade asociada poderá outorgarlle a súa representación a outra mediante a oportuna carta dirixida á presidencia, coa antelación prevista no Regulamento de réxime interno á data sinalada para a Asemblea Xeral. A representación só poderá ser outorgada para unha sesión determinada. Unha vez conferida unha representación para unha sesión, será válida tanto se esta se celebra en 1ª convocatoria, como se tivera lugar en 2ª convocatoria.

Artigo 21: *Votación e acordos*

Os acordos tomaranse por maioría simple de votos dos asociados presentes ou representados, cando os votos afirmativos superen os negativos, e non serán computables para estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Poderán admitirse delegacións de votos sempre que vaian acompañadas da debida autorización por escrito da entidade que delega; así como dunha fotocopia do DNI, e sempre despois de comunicarlle a representación á presidencia, de acordo co disposto no artigo anterior.

Será necesaria maioría cualificada de dúas terceiras partes dos presentes para:

- a) Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas así como a participación ou integración do Clúster noutras figuras xurídicas ou organismos.
- b) Disposición ou alleamento debens.
- c) Modificación de estatutos, excepto cando esta modificación sexa por imperativo legal.
- d) Disolución do Clúster.
- e) Os demais acordos para os que por lei se esixa maioría cualificada.

O exercicio do voto na Asemblea Xeral rexerá polo sistema de “voto ponderado” para o que as empresas asociadas se clasificarán en tres grupos, segundo os criterios de integración establecidos no artigo 27. A)

- Grupo 1: As empresas pequenas, con facturación de ata 2 millóns de euros
- Grupo 2: As empresas medianas, con facturación de entre 2 e 10 millóns de euros.
- Grupo 3: As empresas grandes, con facturación de máis de 10 millóns de euros.

Así, as cuotas e derramas se fixarán tendo en conta que a aportación do Grupo 1 será a base (x), a do Grupo 2 será o dobre da base (2x) e a do Grupo 3 será o triple da base (3x).

En contrapartida, as empresas do Grupo 1 teñen un voto, as do Grupo 2 teñen 2 votos e as do Grupo 3 teñen 3 votos.

Para o exercicio do voto, as asociacións empresariais e os colexios/asociacións profesionais integrados no Clúster, terán un voto por cada entidade.

Para a elección dos órganos, o exercicio do voto rexerá en base ao establecido nestes estatutos e ao que se determine no Regulamento de réxime interno.

Artigo 22: Funcións e competencias da Asemblea Xeral ordinaria

Sen prexuízo da amplitude de funcións e facultades, correspóndelle especificamente á Asemblea Xeral ordinaria:

- a) Coñecer, avaliar e aprobar, se é o caso, a xestión do Comité Estratéxico e do Comité de Dirección, así como os programas e plans de actuación e a Memoria anual de actividades.
- b) Examinar e aprobar os orzamentos anuais e as contas e balances anuais.
- c) Ratificar novas altas e baixas.
- d) Aprobar ou rexeitar as propostas do Comité Estratéxico de acordo coas actividades do Clúster.
- e) Aprobar as cotas ordinarias ou extraordinarias que teñan que satisfacer as entidades asociadas.

- f) Solicitar a declaración de utilidade pública.
- g) Aprobar a disposición e alleamento de bens.
- h) Aprobar o Regulamento de réxime interno.
- i) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Xeral extraordinaria.

Artigo 23: Funcións e competencias da Asemblea Xeral extraordinaria

Son facultades exclusivas da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Nomeamento ou separación dos membros do Comité Estratéxico.
- b) Modificar os estatutos do Clúster.
- c) Coñecer e acordar sobre as reclamacións e recursos que as entidades asociadas presenten.
- d) Acordar a disolución, fusión, federación ou unión do Clúster con outras entidades.
- e) Ratificar os acordos dos expedientes sancionadores.
- f) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 24: Acta

De todas as reunións realizadas pola Asemblea Xeral redactarase a correspondente acta, que se recollerá nun libro creado para os efectos, asinado pola secretaría co visto e prace da presidencia, e de dúas entidades asociadas do Clúster, que actuarán como censoras de actas. A secretaría librará certificado de acta para as entidades asociadas.

Capítulo III: COMITÉ ESTRATÉXICO: Composición, integración, funcións e funcionamento

Artigo 25: Comité Estratéxico

O Comité Estratéxico é o órgano de análise e planificación, a medio e longo prazo, ao que lle corresponde a orientación e representación do Clúster, de acordo coas disposicións e

directivas da Asemblea Xeral. O presidente do Comité Estratéxico será o presidente do Clúster. O cargo de presidente terá que ser ostentado por unha empresa.

Artigo 26: Composición do Comité Estratéxico

O Comité Estratéxico estará formado por un máximo de vintenove membros que se repartirán da maneira seguinte:

- 17 Empresas.
- 3 Asociacións empresariais TIC.
- 2 Colexios/Asociacións profesionais.
- 4 representantes da Administración Autónoma: Tres representantes das Consellerías que dirixan grandes proxectos de implantación das TIC nos seus ámbitos de competencia, e o representante da Consellería coas competencias en materia de promoción industrial, innovación tecnolóxica e sociedade da información, que actuará como portavoz da Administración Autónoma.
- 2 representantes da Administración Local designados pola FEGAMP.
- Presidencia da plataforma tecnolóxica

Artigo 27: Criterios de integración

A) Das empresas

As empresas estarán representadas por un total de dezasete membros, as cales serán elixidas como sigue:

1. As empresas pequenas, con facturación de ata 2 millóns de euros, elixirán a catro representantes entre empresas do seu tamaño.
2. As empresas medianas, con facturación de entre 2 e 10 millóns de euros, elixirán a cinco representantes entre empresas do seu tamaño.
3. As empresas grandes, con facturación de máis de 10 millóns de euros, elixirán a oito representantes entre empresas do seu tamaño.

B) Das asociacións empresariais

As tres asociacións membros do Comité Estratéxico serán elixidas polas asociacións pertencentes á Asemblea de entre elas mesmas para o que terán que ter un mínimo dun 25% dos seus socios integrados directamente no Clúster.

En caso de empate se aplicarán os seguintes criterios por orden de importancia

1. Antigüidade no Clúster.
2. Número de asociados integrados

C) Dos colexios/asociacións profesionais

Os dous colexios/asociacións profesionais membros do Comité Estratéxico serán elixidos polos colexios/asociacións profesionais pertencentes á Asemblea de entre eles mesmos, mantendo representación paritaria nas áreasde informática e telecomunicacións.

En caso de empate se aplicarán os seguintes criterios por orden de importancia

1. Antigüidade no Clúster.
2. Número de asociados integrados

Artigo 28: Funcións do Comité Estratéxico

O Comité Estratéxico terá as seguintes funcións:

- a) Diseñar e planificar a actividade do Clúster para o cumprimento dos seus obxectivos.
- b) Dirixir e xestionar a actividade do Clúster.
- c) Propoñer á Asemblea Xeral, sempre que se considere conveniente, medidas para a defensa, dos intereses específicos do Clúster e programas de actuación, así como coidar de que se executen os xa aprobados.
- d) Elaborar a memoria anual de actividades, as contas, o orzamento e as cotas para o novo exercicio e sometelos para a súa ratificación á Asemblea Xeral.
- e) Realizar consultas e atender e examinar as propostas que lle formulen.
- f) Decidir sobre os actos que interesen, afecten, ou comprometan, directa o indirectamente o patrimonio do Clúster.

- g) Facultar á presidencia e á xerencia, para outorgar os poderes e representacións que se estimen oportunos e coa amplitude de termos que se acorde.
- h) Cumprir e facer cumprir os estatutos, e propoñerlle á Asemblea Xeral a súa reforma.
- i) Adoptar os acordos da competencia da Asemblea Xeral cando a urxencia pode implicar unha perda de oportunidade. Nestes casos, deberá informarse previamente a todas as entidades asociadas; sen prexuízo da obriga de convocar unha Asemblea Xeral para dar conta e ratificar as decisións adoptadas, no prazo máximo dun mes desde a toma de decisión.
- j) Elaborar o Regulamento de réxime interno para a súa presentación á Asemblea Xeral.
- l) Aprobar a proposta ou propostas de contratación e o despedimento da persoa que realice ás funcións de xerencia, atendendo a proposta da Comisión de Dirección, e dando conta razoada á Asemblea Xeral na seguinte xuntanza.
- m) Admitir ou denegar, de xeito provisional, as solicitudes de incorporación de novos membros, así como, acordar ou denegar solicitudes de readmisión, calquera que sexa a causa da súa baixa. Así mesmo determinar, de xeito provisional, casos concretos de expulsión, cando sexa necesario, todo iso de conformidade co previsto nestes estatutos.
- n) Crear novos grupos de traballo ou disolver os existentes, segundo se considere conveniente para o desenvolvemento dos fins do Clúster.
- o) Nomear ás persoas representantes para os grupos de traballo que se creen, de acordo cos requisitos previstos no Regulamento de réxime interno.
- p) As que sexan delegadas pola Asemblea Xeral.
- q) Intervir en cantos asuntos non estean especificamente encomendados á Asemblea Xeral ou a outros órganos de goberno.
- r) Elixir as persoas que ocuparán provisionalmente os postos do Comité Estratéxico que queden vacantes, ata a celebración da seguinte Asemblea Xeral, de acordo co disposto nestes estatutos e no Regulamento de réxime interno.
- s) Interpretar os estatutos cando for necesario.

Artigo 29: Funcionamento

I.- A duración dos postos do Comité Estratéxico será de tres anos segundo o que se establecerá no Regulamento de Réxime Interno.

II.- Poderán ser candidatas para formar parte do Comité Estratéxico as entidades integradas no Clúster, fundadoras ou de número, que teñan unha antigüidade mínima dun ano en dita categoría, que non estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos, ou que non pertenzan a unha empresa do grupo dalgunha das que ostentan postos no Comité estratéxico no momento da elección. Desempeñarán os seus cargos de forma gratuíta.

As funcións dos membros do Comité Estratéxico serán indelegables.

III.- O Comité Estratéxico designará na primeira reunión do seu mandato, do seu propio seo, ao Presidente do Clúster, ás entidades que conformarán o Comité de Dirección onde se elixirán os cargos de Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería do Clúster e dos seus órganos. O Presidente do Clúster será o Presidente do Comité estratéxico e do Comité de Dirección.

IV.- A representación no Comité Estratéxico cesará:

- a) Por expiración do período do seu mandato.
- b) Por renuncia voluntaria comunicada por escrito ao Comité Estratéxico.
- c) Por acordo da Asemblea Xeral por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas ou por desacordo coa execución dos mandatos da Asemblea Xeral.
- d) Por falta de asistencia inxustificada de maneira continuada.

As persoas integrantes no Comité Estratéxico que cesen por renuncia voluntaria ou por expiración do período do seu mandato deberán continuar desempeñando o seu cargo en funcións ata a celebración da seguinte asemblea, na que quedará establecida a nova representación. Non obstante, o propio Comité Estratéxico poderá cubrir provisionalmente o posto por circunstancias excepcionais, que se determinarán no Regulamento de réxime interno, ata a celebración da seguinte Asemblea Xeral.

V.- O Comité Estratéxico reunirse como mínimo 4 veces ao ano, e tantas veces como o considere conveniente a presidencia ou o soliciten a metade máis un das persoas integrantes que o constitúen.

- a) A convocatoria, que deberá ser feita pola presidencia, terá que remitirse aos membros cunha antelación de polo menos cinco días hábiles respecto da data de celebración da reunión.
- b) A reunión do Comité Estratéxico quedará validamente constituída cando asistan a metade máis un dos seus membros.
- c) A asistencia ás reunións do Comité Estratéxico non admitirá delegación nin representación.
- d) As decisións dentro do Comité Estratéxico tomaranse polo sistema de “cada membro un voto”.
- e) Para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto da presidencia será de calidade.
- f) Os debates e acordos das sesións do Comité Estratéxico faranse constar nun libro de actas que subscribirán as persoas que ostenten a presidencia e a secretaría.

Capítulo IV: Comité de Dirección: Composición, integración e funcionamento

Artigo 30: Comité de Dirección

O Comité de Dirección é o órgano operativo do Clúster ao que lle corresponde a xestión e execución dos acordos da Asemblea Xeral e do Comité Estratéxico, así como a coordinación das actuacións do Clúster de acordo coas disposicións de ambos.

Artigo 31: Composición do Comité de Dirección

O Comité de dirección estará composto por 11 membros, de entre os elixibles do Comité Estratéxico, dos cales 6 corresponderán a representantes de empresas e 5 a representantes de asociacións empresarias e colexios/asociacións profesionais, coa seguinte distribución:

- 5 Empresas que representaran aos grupos definidos no artigo 21:
 - Grandes empresas: 2 representantes
 - Medianas empresas: 2 representantes
 - Pequenas empresas: 1 representante

- 3 asociacións empresariais
- 2 colexios/asociacións profesionais.
- Presidente da Plataforma

Asistirá o xerente, cando sexa convocado, con voz pero sen voto

Artigo 32: Criterios de integración

A formación do Comité de Dirección realizarase polo procedemento de presentación de candidaturas cun mínimo de 3 persoas, que se postulan para os cargos da Presidencia, Vicepresidencia e Secretaría, e un máximo de 5.

En todo caso, o procedemento partirá dos seguintes criterios:

- Integración directa da persoa que ostente a presidencia da Plataforma Vindeira.
- A elección dos representantes das empresas respectará as porcentaxes definidas nos artigos 21 e 31. Establecerase polo tanto un procedemento flexible que permita realizar os necesarios axustes nunha segunda rolda. Este procedemento quedará definido no Regulamento de Réxime Interno do Clúster.
- Os representantes das Administracións Autonómica e local non serán electores nin elixibles.
- Non son acumulables os cargos de presidente da Plataforma tecnolóxica e presidente do Clúster

Artigo 33: Funcións.

O Comité de Dirección terá as seguintes funcións:

Por delegación do Comité Estratéxico, as recollidas no artigo 28 nos apartados b), c), d), e o), sendo estas as seguintes:

- Dirixir e xestionar a actividade do Clúster.

- Propoñer á Asemblea Xeral, sempre que se considere conveniente, medidas para a defensa, dos intereses específicos do Clúster e programas de actuación, así como coidar de que se executen os xa aprobados.
- Elaborar a memoria anual de actividades, as contas, o orzamento e as cotas para o novo exercicio e sometelos para a súa ratificación á Asemblea Xeral.
- Nomear ás persoas representantes para os grupos de traballo que se creen, de acordo cos requisitos previstos no Regulamento de réxime interno.

Tamén serán funcións do Comité de Dirección:

- Propor ao Comité Estratéxico a persoa que considere adecuada para o desempeño da Xerencia. Esta proposta será previa e preceptiva para a contratación da mesma.
- Decidir en materia de cobros e pagos, coas limitacións que se establezan.
- As que sexan delegadas polo Comité Estratéxico.

Artigo 34: *Funcionamento*

O Comité de Dirección reunirse como mínimo 10 veces ao ano, e tantas veces como o considere conveniente a Presidencia ou o soliciten a metade máis un das persoas integrantes que o constitúen.

- a) A convocatoria, que deberá ser feita pola presidencia, terá que remitirse aos membros cunha antelación de polo menos cinco días hábiles respecto da data de celebración da reunión.
- b) A reunión do Comité de Dirección quedará validamente constituída cando asistan a metade máis un da súa composición.
- c) A asistencia ás reunións do Comité Dirección non admitirá delegación nin representación.

Capítulo V: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería, Vocais e Xerencia

Artigo 35: *A presidencia*

1.- *A presidencia* ostenta a plena representación do Clúster ante calquera instancia pública e privada e en xeral en todos os actos nos que o Clúster deba participar.

2.- En concreto son facultades da presidencia ou de quen estatutariamente o substitúa, as seguintes:

- a) Presidir a Asemblea Xeral, *o Comité Estratéxico e o Comité de Dirección*, dirixir os debates e a orde das reunións e coidar da execución dos acordos que se tomen.
- b) Representar ao Clúster e realizar no seu nome toda clase de actuacións xudiciais ou extraxudiciais, sen máis limitacións que as establecidas nestes estatutos.
- c) Outorgar os poderes e representacións necesarios nos termos que determine o Comité Estratéxico.
- d) Convocar as asembleas xerais nos casos previstos nestes estatutos así como as reunións do Comité Estratéxico e do Comité de Dirección.
- e) En todos os órganos que preside o seu voto será de calidade.
- f) Renderá contas anualmente da súa xestión, da do Comité Estratéxico e do Comité de Dirección ante a Asemblea Xeral.
- g) Delegar as súas funcións temporalmente na vicepresidencia.

Artigo 36: *A vicepresidencia*

A vicepresidencia asistirá á presidencia no exercicio das súas atribucións e, de acordo con ela e por delegación, adoptará as decisións concernentes aos asuntos que lle fosen encomendados. Así mesmo, deberá substituír á presidencia nas súas ausencias por enfermidade ou por calquera outro motivo.

Artigo 37: *Secretaría*

Levar o libro de actas das reunións dos órganos de goberno e de representación da asociación, a expedición das certificacións co visto e prace da presidencia.

Artigo 38: Tesourería

A conservación dos fondos, a supervisión da contabilidade e o cumprimento das obrigas fiscais do Clúster. Ademais, velar pola recadación dos fondos pertencentes ao Clúster e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Comité de Dirección.

Artigo 39: Vocais

Cargos de non obrigado nomeamento. As funcións da representación como vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membro do Comité Estratéxico, así como as que nazon das delegacións, grupos de traballo ou comisións, que ao propio Comité Estratéxico lles encomende.

Artigo 40: A xerencia

A dirección do funcionamento técnico e administrativo dos servizos do Clúster estará a cargo dunha persoa que asumirá a xerencia, que será un posto profesional. A súa contratación ou despedimento, será competencia do Comité Estratéxico.

As funcións serán de carácter xerencial e, en todo caso, terán por obxecto a execución práctica dos acordos dos órganos de goberno e en xeral, todos os actos da vida corporativa, levando a cabo as funcións que se lle encomenden no Regulamento de réxime interno do Clúster.

As capacidades da xerencia serán outorgadas no poder notarial que lle sexa concedido para o exercicio do seu cargo.

TÍTULO IV: DOS GRUPOS DE TRABAJO E ACTIVIDADES

Artigo 41:: Grupos de traballo

1.- Así mesmo, poderanse crear, ben por iniciativa *do Comité Estratéxico*, ben por solicitude dun número de entidades asociadas que sexa representativo en relación co seu obxecto e finalidade, grupos de traballo sobre unha materia de interese para o Clúster

2.-A formación dos grupos de traballo está aberta, previa solicitude, sempre que exista interese específico na materia obxecto destes, cun número comprendido entre 4 e 8 integrantes.

3.- Os grupos de traballo organizarán o seu propio funcionamento interno, en todo o non previsto nos estatutos, no Regulamento de Réxime Interno do Clúster e serán, con carácter non enunciativo e orientativo, os seguintes:

I. Actividade Sectorial Interna

II. Universidade e Empresa TIC

III. Mellora condicións de investimento e apoio crecemento e expansión das empresas TIC

IV. TIC e e-Sociedade

V. TIC, I+D e proxectos

VI. Observatorios TIC

4. – Cada grupo de traballo elixirá o seu propio presidente que terá un enlace membro da xunta directiva ao que reportará habitualmente. Este enlace pode asistir ou non as reunións do grupo de traballo. O presidente do grupo de traballo poderá asistir ás reunións do Comité de Dirección e do Comité Estratéxico, por requerimento dos mesmos con voz e sen voto.

5. - O número de grupos será flexible. Poderanse crear e disolver por acordo do Comité Estratéxico e a proposta do Comité de Dirección, tal e como se establece no artigo 28.

Artigo 42:: Actividades

1. O Clúster das TIC organizará actividades encadradas fundamentalmente dentro de dúas tipoloxías:
 - a) Actividades encadrábeis dentro dos obxectivos anuais a alcanzar nos grupos de traballo estables definidos no artigo 41.
 - b) Actividades encadrábeis dentro dos obxectivos específicos que o Clúster planifique cada ano, a executar por grupos de traballo xa existentes e para aqueles outros que se creen para posibles novos proxectos.
2. Para o desenvolvemento destas actividades adoptárase o método de xestión de proxectos. Os proxectos deberán deseñarse para cumprir cos obxectivos anuais da programación ou do orzamento do Clúster.

Como obxectivos anuais non encadrábeis dentro dos grupos de traballo estruturais podemos enumerar, a modo de exemplo e sen que sirva de limitación, os seguintes:

- Incremento de empresas e asociacións asociadas por medio de campañas ad-hoc
 - Actividades de mellora da xestión interna das empresas asociadas
 - Programas de mellora da imaxe dos produtos e servizos TIC producidos en Galicia
 - Etc.
3. Todas as actividades a desenvolver terán en conta o coñecemento e as actividades que veñan desempeñando os socios do Clúster e impulsarán a cooperación coas asociacións integrantes.

TÍTULO V: DO RÉXIME ECONÓMICO ADMINISTRATIVO

Artigo 43: Réxime económico e patrimonial. Ingresos

A responsabilidade do Clúster, a todos os efectos e, especialmente nas súas relacións con terceiros, queda expresamente limitada ao importe que, en cada momento, constitúa o haber patrimonial do mesmo.

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades do Clúster provirán de:

- a) Cotas de incorporación e ordinarias
- A cota de incorporación que será aboada pola nova entidade asociada no momento da súa admisión, na contía que se fixe. Para o caso que de empresas que se integren a través de asociacións non se esixirá esta cota de incorporación
 - As cotas das empresas se fixarán en función dos grupos definidos no artigo 1, sendo esto
 - i. Base (x) para o grupo 1 das pequenas empresas
 - ii. Dobre da base (2x) para o Grupo 2 das medianas empresas

- iii. Triple da base (3x) para o Grupo 3 das grandes empresas
- Para as empresas que se integren a través das asociacións integradas, aplicarase unha bonificación do 50% na cota ordinaria
 - A cota que se estableza para as Asociacións empresariais se reducirá en proporción lineal ao número de empresas integradas individualmente no Clúster, tendo que ser esta dun mínimo dun 25% para que a Asociación poda participar no Comité Estratéxico e no Comité de Dirección, segundo o expresado no artigo 27. B).
 - Para os Colexios/Asociacións profesionais, se establecerá unha cota fixa, independentemente do número de colexiados.
- b) As demais cotas obrigatorias que se acorden, nos termos e contía que en cada caso se fixen.
- c) Derramas que, debidamente aprobadas pola Asemblea Xeral se establezan para atender os gastos extraordinarios ou derivados de problemática específica que se puideran producir.
- d) As doazóns, herdanzas e legados que poidan producirse ao seu favor por parte das entidades asociadas ou terceiras persoas, públicas ou privadas.
- e) Achegas económicas das entidades colaboradoras.
- f) As rendas dos seus bens e valores e os ingresos provenientes do desenvolvemento das súas actividades, como cursos, publicacións etc.
- g) As axudas ou subvencións de todo tipo, que puideran producirse ao seu favor.
- h) Os bens patrimoniais e calquera outro recurso obtido de conformidade coas disposicións legais e estatutarias.

Artigo 43: *Peche de exercicio*

O peche do exercicio asociativo coincidirá co último día do ano natural.

Artigo 44: *Administración, fiscalización e control*

A administración, fiscalización e control do réxime económico e patrimonial do Clúster será responsabilidade de quen exerza o cargo da tesourería, que deberá presentarlle contas periodicamente ao Comité Estratéxico e anualmente á Asemblea Xeral.

Se así o decide o Comité Estratéxico, realizarase unha auditoría externa con periodicidade anual, de cuxo resultado deberá informarse á Asemblea Xeral.

Artigo 45: *Obrigas documentais e contables*

O Clúster dispoñerá dos libros que esixa a lexislación vixente, entre os cales sempre se encontrarán:

- a) Libro de entidades asociadas.
- b) Libro de actas das reunións dos órganos de goberno e representación.
- c) Libros contables, que reflectan a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas.

TÍTULO VI: DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 46: *Modificación dos estatutos*

Os presentes estatutos poderán ser modificados en virtude do acordo da Asemblea Xeral convocada para tal fin, por maioría cualificada de dúas terceiras partes.

O proxecto de modificación deberá ser proposto, polo menos, por unha terceira parte das entidades asociadas con dereito avoto ou polo Comité Estratéxico; e será remitido a todos as empresas integradas no Clúster cunha antelación mínima dun mes á celebración da Asemblea Xeral na que se decida sobre a súa aprobación.

Artigo 47: *Regulamento de réxime interno*

No Regulamento de réxime interno do Clúster, determinaranse e desenvolveranse aqueles puntos ou materias non previstas directamente nestes estatutos. O funcionamento interno do Clúster deberá axustarse en todo caso, ás disposicións legais e estatutarias.

TÍTULO VII: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 48: *Disolución*

O Clúster disolverase:

- a) Por vontade das entidades asociadas expresada mediante acordo da Asemblea Xeral.
- b) Por imposibilidade de cumprir os fins previstos nos estatutos apreciada por acordo da Asemblea Xeral.
- c) Por sentenza xudicial.

Artigo 49: Liquidación

En caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora que procederá a efectuar a liquidación, extinguindo as débedas, cobrando os créditos e fixando o haber líquido resultante, se o houbera.

O sobranse líquido destinarase a fins benéficos dalgunha entidade non lucrativa que determinen os liquidadores e cuxa sede social e ámbito de actividade radique na Comunidade Autónoma de Galicia.

As persoas encargadas da disolución terán as funcións que se establecen nos apartados 3 e 4 do artigo 18 da Lei de asociacións 1/2002, do 22 de marzo.